



LISTA DE ASISTENTES

Barreiro Alonso, Enrique
 Carballo-Calero Ramos, M^a Victoria
 Cid Fernández, Xose Manuel
 Cidrás Pídre, José
 Corbacho Rosas, Eusebio
 Corbacho Suso, Patricia
 De Oca Cancela, Guillermo
 De Vicente Remesal, Javier
 Docampo Amoedo, Domingo
 Domínguez Castro, Luis
 Durany Castrillo, José
 Estévez Toranzo, Margarita
 Fandiño Alonso, Xaime
 Fernández Álvarez, Antón
 Gago Rodríguez, Alberto
 Garriga Domínguez, Ana
 Gil Villanueva, José M^a
 Gómez Gude, Jorge Juan
 González Piñeiro, Luis
 Hernández Sánchez, Jesús
 Iglesias Galán, M^a Hilda
 Iglesias Randulfe, M^a Teresa
 Lago Teijeiro, Xan
 Legido Soto, José Luis
 Mato de La Iglesia, Salustiano
 Mazaira Castro, Andrés
 Pita Grandal, Ana M^a
 Ramos Cabrer, Manuel
 Rey García, Daniel
 Sánchez Bello, Patricio A.
 Suárez Creo, Juan
 Surís Regueiro, Juan
 Troncoso Durán, dolores
 Valero Gutiérrez Del Olmo, Enrique
 Vázquez López, Ezequiel M.
 Viso Alonso, Augusto

Desculpan asistencia:

Gálvez Ameijide, Luis Miguel
 Gueimonde Canto, Ana Isabel
 Gutiérrez Nieto, Manuel

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 18 de marzo de dous mil catro, convocada para as 10:00 horas en primeira convocatoria e as 10:30 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñeiros de Telecomunicación

O xoves, día 18 de marzo de 2004, ás 10:40 horas , deu comezou a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 27 de xaneiro de 2004.
2. Informe do Reitor.
3. Convocatoria axudas de investigación ano 2004.
4. Límite de prazas para o curso 2004/05.
5. Oferta de materias optativas e encargo de docencia do curso 2004/05.
6. Oferta de materias de libre elección do curso 2004/05.
7. Aprobación, se procede, do plano de estudos da titulación propia Deseño téxtil e moda.
8. Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: Especialista en tecnoloxía de polímeros e Especialista universitario de planificación e control do entrenamento en baloncesto.
9. Proposta de nomeamento de profesor emérito.
10. Aprobación, se procede, da proposta de supresión da proba de acceso na titulación de Belas Artes.
11. Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento como doutor honoris causa de D. J.P. Das e D. Antonio Bonet Correa.
12. Aprobación, se procede, da adaptación do punto 13.2 das Normas de xestión académica ao R.D.1125/2003 de 5 de setembro (BOE do 18/09/03).
13. Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento de dous membros do Instituto de Electrónica Aplicada “Pedro Barrié de la Maza”.
14. Aprobación, se procede, da incorporación da Universidade de Vigo á Asociación de Universidades.
15. Aprobación, se procede, do Regulamento de organización e funcionamento do rexistro da Universidade de Vigo.
16. Aprobación, se procede, dos convenios: Convenio específico de colaboración entre as tres universidades de Galicia para a realización dun programa de doutoramento interuniversitario en “Lingua e sociedade da información: a lingüística e as súas aplicacións”. – Protocolo de adhesión ao convenio interuniversitario para a realización dun programa de doutoramento conxunto de electroquímica, ciencia e tecnoloxía (ECyT). – Protocolo de adhesión ao convenio interuniversitario para a realización dun doutorado en química teórica e computacional asinado o 1 de xuño de 1999. – Convenio marco de colaboración entre a Universidade Nacional de General Sarmiento (Argentina) e a Universidade de Vigo – Convenio de cooperación internacional entre a

Cooperativa de ensino superior artístico do Porto/Escola superior do Porto (Portugal) e a Universidade de Vigo (España).

17. Rogos e preguntas.

Punto 1: Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 27 de xaneiro de 2004.

Apróbase por asentimento

Punto 2: Informe do Reitor.

O reitor informa do seguinte:

- Da baixa como membros do Consello de Goberno de D. Daniel Martí Pellón polo sector de profesores funcionarios doutores e de D. Bastián Barral Puga, D. Diego González Canabal, D. Roberto González Novas e D^a María Martínez Rodríguez polo sector de estudantes.

Así mesmo causa baixa por presentar a súa dimisión a estudante D^a Ángeles Filgueira Pérez.

- Da incorporación como novos membros do Consello de Goberno de D. Xaime Fandiño Alonso, D. Luis González Piñeiro e D^a Dolores Troncoso Durán polo sector Directores/Decanos e D. Luis M. González Ameijide, D. Xan Lago Teijeiro, D. Ángel Rial Otero e D. Miguel A. Villaverde Creo, polo sector estudantes.

- Da invitación a asistir con voz pero sen voto, no punto 4 a D. José Fraiz Brea, Decano da Facultade de Ciencias Empresariais de Ourense e no punto 5 a D. Juan C. Mejuto Fernández, Decano da Facultade de Ciencias de Ourense.

- Da sinatura en Pontevedra dun convenio para poñer en marcha a titulación propia de Deseño téxtil e moda.

- Da sinatura dun protocolo de cooperación co Concello de Pontevedra polo que este cede terreos onde estaba ubicada TAFISA para construír unha nova facultade de Belas artes, recuperando así o edificio de San Fernando. Así mesmo o concello cede á universidade o edificio das Campás recen restaurado

- Do comezo en breve das obras da Estación de ciencias mariñas xa que están a punto de finalizar os trámites administrativos.

- Da aprobación no “Consejo de coordinación universitaria” da creación dunha nova área de coñecemento “Métodos matemáticos na economía e na empresa”, que se desdobra da área de Economía Aplicada. Adscribiranse a esta nova área todas as materias adscritas a Economía Aplicada que teñan contido matemático.

A outra nova área prevista “Organización industrial” (que se desdobra da área de Organización de empresas) quedou pendente.

- En relación co programa de financiamento informa de que houbo un chantar dos tres reitores co conselleiro e no que lle propuxeron non avanzar nada ata que pasaran as eleccións do 14 de marzo.

- Da sinatura dun convenio co Foro Barcelona – 2004 para ter algunha pantalla no campus de Vigo para seguir en directo algún dos eventos que teñan lugar.

- Da sinatura no día de hoxe dun convenio coas consellerías de Cultura e de Industria polo que aportan o 25% do total do proxecto Torga.net (tres millóns de €) e para o que fora concedido o 75% de fondos europeos.

Punto 3: Convocatoria axudas de investigación ano 2004.

O Vicerreitor de investigación informa das principais variacións en relación coa convocatoria do ano anterior.

Ábrese unha quenda de intervencións:

O profesor Surís intervén en relación cos baremos para a renovación dos contratos programa, opina que lle parecería mellor un baremo en termos relativos e non en termos absolutos.

O profesor Legido di que quizais sería mellor facer un baremo mixto.

O vicerreitor di que a comisión de investigación optou pola puntuación en termos absolutos para buscar un listón mínimo pero que sería posible incluír unha porcentaxe de mellora relativa para aqueles grupos de investigación que non acadaran o mínimo, pero isto tería que determinalo a comisión de investigación.

Apróbase por asentimento a convocatoria de axudas de investigación co compromiso de revisar o baremo nese apartado e nos termos sinalados.

Punto 4: Límite de prazas para o curso 2004/05.

A Vicerreitora de organización académica e profesorado informa sobre a proposta en xeral da oferta de prazas nas diferentes titulacións. Di que no campus de Ourense a proposta é eliminar o límite de prazas en todas as titulacións agás nas de Turismo, Traballo social, Educación social, Psicopedagogía, E.T. Informática de xestión e Enxeñería informática (2º ciclo).

A COAP informou favorablemente as propostas enviadas polos centros agás en Turismo e na Licenciatura en administración e dirección de empresas.

En Turismo propón manter as 50 prazas igual que o curso anterior, en lugar das 75 propostas polo centro e en LADE propón manter o límite de 125 en lugar da proposta do centro que era sen límite.

O reitor informa de que o profesor Fraiz, que estaba invitado a asistir a este punto, xa falou con el en relación co límite de prazas ofertadas na titulación de Turismo e entende a proposta da COAP xa que o número de prazas non se pode aumentar en relación coas ofertadas o curso anterior, polo que xa non asistirá.

O profesor Legido opina que a política da universidade en relación á oferta de prazas debería ter unha estrutura similar nos tres campus, xa que os prazos de matrícula son diferentes nas titulacións con límite e nas titulacións sen límite.

A vicerreitora di que a proposta é que na folla da CIUG figuren todas as titulacións, teñan límite ou non e que os prazos de matrícula sexan os mesmos.

Apróbase por asentimento a proposta da COAP para o límite de prazas para o curso 2004/05. (Anexo I)

Punto 5: Oferta de materias optativas e encargo de docencia do curso 2004/05.

A vicerreitora informa da proposta de oferta de materias optativas e que, en relación co encargo de docencia, a COAP detectou a proposta de cambio de adscrición en dúas materias:

- a) “Sector público II” da titulación de Xestión e administración pública que en cursos anteriores estaba encargada á área de Economía aplicada, agora o centro propón o cambio á área de Dereito financeiro e tributario.
- b) “Fisioloxía”, complemento de formación na titulación de Tecnoloxía de alimentos, que estaba encargada á área de Fisioloxía e o centro propón o cambio á área de Nutrición e bromatoloxía.

A COAP tivo en consideración os seguintes criterios antes de facer unha proposta:

- académicos
- económicos
- nota de avaliación dos profesores que as viñan impartindo.

Tanto os criterios académicos como económicos aconsellan mantelos adscritos á área que as viñan impartindo e os resultados das enquisas sobre os profesores que as estaban impartindo eran favorables.

En función destes argumentos a COAP propón manter as dúas materias encargadas ás áreas que as viñan impartindo ata agora.

A profesora Pita congratúlase de que a COAP estableza uns criterios pero pide seriedade cos mesmos, xa que fai un ano o informe da COAP era favorable ao cambio de encargo na materia “Sector público II”. Di que a área de Dereito financeiro e tributario ven reclamando esa materia dende hai 4 anos e fai unha relación das razóns nas que se basea esta solicitude.

O profesor Surís di que unha das razóns nas que se basea a profesora Pita é de falseamento de documentación cando isto non é certo segundo consta na certificación solicitada á Secretaría xeral segundo a cal no plano de estudos aprobado nos órganos de goberno que tiñan competencia para este tema, figura a materia co nome de Sector público II e non “Financiación pública”, como indica a profesora Pita. Así mesmo rebate as outras razóns presentadas para xustificar o cambio proposto.

O profesor Fandiño (Decano da Facultade de ciencias sociais e da comunicación) ratifica o acordo da Xunta de facultade.

O profesor Corbacho propón un procedemento para resolver este tipo de problemas que consiste en sentarse e ver cal debería ser o programa da materia en litixio e ver que partes do mesmo as poden ofertar as diferentes áreas que a reclaman.

O reitor di que ese procedemento lle parece interesante cando se pon en marcha unha materia nova.

O profesor Mejuto (Decano de Facultade de ciencias) defende a proposta da xunta de facultade sobre o cambio de encargo da materia de Fisioloxía, baseándose no importante que é que o profesorado da Facultade de ciencias estea permanente na mesma. Xustifica tamén o cambio polo contido da materia e o tipo de alumnos aos que vai dirixida. En relación co criterio económico di que a área de Nutrición e bromatoloxía ten capacidade docente suficiente para cubrir esa docencia aforrándose así as dietas de desprazamento que se lle pagan ao profesor que se despraza dende o campus de Vigo para impartir esa materia.

A profesora Carballo pregunta pola materia da diplomatura de Turismo denominada “Patrimonio cultural” que figura encargada á área de Antropoloxía pero que nun futuro están de acordo en propor un cambio de encargo para a área de Historia da arte, sen embargo, preocúpalle que despois sexa difícil aprobar un cambio de encargo.

O reitor di que se non hai desacordo entre as áreas e se o cambio non significa contratar novos profesores non ten porque haber problema.

Despois de varias intervencións dos profesores Cid, Surís e Durany considérase que o tema está suficientemente debatido e procédese a votación en primeiro lugar das materias obxecto de discusión e a continuación do encargo total.

1ª votación:

- Votos a favor da proposta da COAP de manter o encargo da materia Sector público II á área de economía aplicada22
- Votos en contra da proposta da COAP ...3
- Abstencións..... 8

O profesor Surís pide que conste en acta a súa abstención.

Mantense o encargo á área de Economía aplicada da materia de Sector público II.

2ª votación:

- Votos a favor da proposta da COAP de manter o encargo da materia Fisioloxía a área de Fisioloxía24
- Votos en contra da proposta da COAP ... 0
- Abstencións..... 12

Mantense o encargo á área de Fisioloxía da materia de Fisioloxía.

3ª votación:

- Votos a favor da oferta de materias optativas e do encargo total.....30
- Votos en contra2
- Abstencións.....2

Queda aprobada a oferta de materias optativas e o encargo de docencia do curso 2004/05. (Anexo II)

Punto 6: Oferta de materias de libre elección do curso 2004/05.

A Vicerreitora de organización académica e profesorado informa sobre a oferta de materias de libre elección aprobada pola COAP.

O profesor Ramos intervén en nome do Director da E.T.S. de enxeñeiros de telecomunicación para solicitar que dalgún xeito se recoñeza o esforzo que están a facer os profesores dese centro pola impartición do curso 0, por ese motivo o centro propuxo en primeiro lugar que contabilizara o curso cero como créditos de libre elección. Di que esta intervención non inflúe no acordo da COAP pero pide que conste en acta dita solicitude.

Apróbase a proposta por asentimento. (Anexo III)

Punto 7: Aprobación, se procede, do plano de estudos da titulación propia Deseño téxtil e moda.

O vicerreitor de titulacións, posgrao e formación permanente explica os cambios propostos en relación coa documentación enviada inicialmente. Explica que é unha titulación propia, que non se vincula a POD, e que as áreas que figuran no plano de estudos son áreas de coordinación interna desda docencia. Estes estudos vincularanse organizativamente á Facultade de belas artes.

O Sr. Lago Teijeiro pregunta sería posible pagar a matrícula en varios prazos e se hai algún tipo de bolsa.

O vicerreitor di que hai que cobrar a matrícula completa ao principio e o que se pode conseguir son créditos con entidades bancarias para facilitar o pagamento.

Apróbase o plano de estudos por asentimento. (Anexo IV)

Punto 8: Aprobación, se procede, dos seguintes cursos: Especialista en tecnoloxía de polímeros e Especialista universitario de planificación e control do entrenamento en baloncesto.

Apróbanse por asentimento.

Punto 9 : Proposta de nomeamento de profesor emérito.

Referéndase por asentimento o nomeamento de D. Celso Rodríguez como profesor emérito.

Punto 10: Aprobación, se procede, da proposta de supresión da proba de acceso na titulación de Belas Artes.

O profesor Hernández, Decano da Facultade de belas artes expón os argumentos que xustifican a proposta do centro.

Acéptase por asentimento a supresión da proba de acceso á titulación de Belas artes.

Punto 11: Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento como doutor honoris causa de D. J.P. Das e D. Antonio Bonet Correa.

O reitor informa de que as dúas solicitudes cumpren os requisitos que figuran na normativa actual. Indica que segundo dita normativa esta proposta ten que ser ratificada polo Claustro, sen embargo, segundo o artigo 135 dos estatutos é o Consello de Goberno o que nomea os doutores honoris causa de acordo co procedemento establecido polo Claustro, polo que ao próximo Claustro levarase a proposta de modificación desta normativa.

Apróbase por asentimento a proposta de nomeamento de D. J. P. Das e D. Antonio Bonet Correa como doutores honoris causa.

Punto 12: Aprobación, se procede, da adaptación do punto 13.2 das Normas de xestión académica ao R.D.1125/2003 de 5 de setembro (BOE do 18/09/03).

Apróbase por asentimento.

Punto 13: Aprobación, se procede, da proposta de nomeamento de dous membros do Instituto de Electrónica Aplicada “Pedro Barrié de la Maza”.

Apróbase por asentimento.

Punto 14: Aprobación, se procede, da incorporación da Universidade de Vigo á Asociación de Universidades.

Apróbase por asentimento.

Punto 15: Aprobación, se procede, do Regulamento de organización e funcionamento do rexistro da Universidade de Vigo.

Apróbase por asentimento.

Punto 16: Aprobación, se procede, dos convenios: Convenio específico de colaboración entre as tres universidades de Galicia para a realización dun programa de doutoramento interuniversitario en “Lingua e sociedade da información: a lingüística e as súas aplicacións”. – Protocolo de adhesión ao convenio interuniversitario para a realización dun programa de doutoramento conxunto de electroquímica, ciencia e tecnoloxía (ECyT). – Protocolo de adhesión ao convenio interuniversitario para a realización dun doutorado en química teórica e computacional asinado o 1 de xuño de 1999. – Convenio marco de colaboración entre a Universidade Nacional de General Sarmiento (Argentina) e a Universidade de Vigo – Convenio de cooperación internacional entre a Cooperativa de ensino superior artístico do Porto/Escola superior do Porto (Portugal) e a Universidade de Vigo (España).

Apróbanse todos agás o “Convenio de cooperación internacional entre a Cooperativa de ensino superior artístico do Porto/Escola superior do Porto (Portugal) e a Universidade de Vigo (España)”, que queda pendente de obter máis información sobre dita institución e traerase ao próximo consello.

Punto 17: Rogos e preguntas.

O Sr. Lago Teijeiro pregunta se os créditos de libre elección se poden validar con créditos cursados noutras universidades.

O Vicerreitor de titulacións, di que eso é posible se hai un convenio, polo que o Sr Lago pregunta se non se podería asinar un convenio coas outras dúas universidades galegas.

O reitor di que se estudiará.

O profesor Ramos pregunta por qué non se trouxo a este Consello de Goberno a renovación das Comisións delegadas.

O reitor di que se traerá para o próximo consello.

O profesor Sánchez Bello pregunta por un convenio que se vai establecer coa Consellería de educación e ordenación universitaria relativo a facilitar o acceso dos titulados técnicos inferiores da formación profesional específica aos estudos universitarios de primeiro ciclo e se se vai pasar por Consello de Goberno. Así mesmo pregunta se se sabe algo sobre os complementos autonómicos e se ten que ser o Consello de Goberno o que aprrobe o POD.

O reitor contesta á primeira pregunta que si e á segunda di que parecen estar superados todos os obstáculos pero que a Xunta aínda non librou os cartos.

A vicerreitora contesta á última pregunta e di que o que se aprobou neste consello foi o encargo de docencia e que a saída de prazas a concurso está delegado na COAP.

E non habendo mais asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:50 horas do día 18 de marzo de 2004 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do reitor

O Reitor

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

M^a Teresa Iglesias Randulfe